

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE TRAZO PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO QUE FACILITE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DESTINADOS A PERSOAS MAIORES, A PERSOAS DEPENDENTES OU A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2025

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2025

## REUNIDOS

### Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

### Doutra parte:

Dona Josefina Suárez López en calidade de alcaldesa do Concello de Trazo, con número de Identificación Fiscal [REDACTED], en representación do Concello de Trazo con CIF: P1508700J, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

## EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden subscribir convenios interadministrativos entre dúas ou máis Administracións Públicas, ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia

de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**III.** Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade..

**IV.** Que o Concello de Trazo é un Concello rural da provincia da Coruña con 3018 habitantes. Conta cunha poboación envellecida e dispersa, repartida en 11 parroquias nunha extensión de 101,2 quilómetros cadrados e cun 44% da poboación maior de 60 anos, das que 195 persoas son maiores de 65 anos que viven soas. Actualmente no Concello non se dispón de transporte público, nin de servizo de taxi, nin dun vehículo adaptado ás necesidades de persoas con mobilidade reducida, o que crea múltiples barreiras para a participación activa deste grupo poboacional na vida social, cultural e económica da comunidade.

As circunstancias descritas suscitan que o concello se enfrente a importantes desafíos en materia de accesibilidade e mobilidade o que dificulta a prestación da atención debida ás necesidades das persoas con discapacidade, persoas maiores con mobilidade reducida e outros colectivos vulnerables. Neste contexto, o concello considera urxente e prioritario contar cun servizo de transporte adaptado, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades, a inclusión social e o acceso ós servizos básicos.

As principais dificultades detectadas inclúen dificultades para asistir a programas organizados polos servizos sociais do Concello para persoas que presentan dificultades de mobilidade por minusvalía ou dependencia, tales como o programa de estimulación terapéutica para persoas con demencia, no que nestes momentos hai 8 usuarios con dependencia e dificultades de mobilidade, que se leva a cabo tres días á semana no centro social de persoas maiores de Viaño Pequeño; o programa de respiro familiar para familias con persoas dependentes a cargo, onde nestes momentos hai 9 usuarios e que se leva a cabo un día á semana no centro social de persoas maiores de Viaño Pequeño; o programa de respiro familiar para familias con persoas con discapacidade a cargo, do que son usuarias 6 persoas con discapacidade física e intelectual, que se realiza un día á semana, organizando actividades en diferentes partes do Concello.

Nestes momentos o servizo de transporte, mediante taxi adaptado, para os tres programas anteriores está sendo financiado ó 100% polo Concello. Isto supón un custo moi elevado ó que a entidade municipal non poderá seguir facendo fronte, e consecuentemente verase obrigado a

prescindir del, o que repercutirá de xeito directo sobre as familias, dificultando a continuidade nos servizos de moitos usuarios.

V. O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación (*Boletín Oficial del Estado* número 103, do 30 de abril de 2021).

As medidas que recolle o dito plan cumpren cos seis piares establecidos polo antedito Regulamento da UE nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e artículanse ao redor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixes de traballo desenvólense a través de dez políticas panca que integran 30 compoñentes ou liñas de acción, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

O Plan de Recuperación articula unha axenda coherente de reformas estruturais que responden ao diagnóstico compartido polas institucións europeas, o goberno español e os principais axentes económicos e sociais, en ámbitos clave para reforzar a estrutura económica e social do país; concretamente, no ámbito dos servizos sociais, aquelas necesarias para a implantación dun estado de benestar moderno que protexa aos cidadáns, garanta o coidado das persoas dependentes, reforce os servizos sociais e proporcione oportunidades vitais ás novas xeracións.

Por Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia do 30 de abril de 2021, aprobouse a distribución territorial dos créditos correspondentes a 2021 para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Por Resolución da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais do 11 de setembro de 2021, publicouse o Convenio entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, o cal prevé no seu Anexo III a relación de proxectos a executar, entre os que figura como proxecto nº 4, na liña C22.I1, “Modernización da flota de vehículos dos centros de titularidade de entidades de iniciativa social e das entidades locais de Galicia.”

Por Resolución de 9 de agosto de 2024 e Resolución de 27 de febreiro de 2025, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, publícanse sendas Adendas de modificación do Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (BOE do 3 de setembro de 2024 e do 7 de marzo de 2025 respectivamente).

**VI.** O concello de Trazo pretende adquirir un vehículo que facilite a prestación de servizos destinados a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade.

O obxectivo deste convenio é a concesión directa dunha subvención pública para o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade ao Concello de Trazo para a adquisición e posta en funcionamento do dito vehículo adaptado, que permita cubrir as necesidades de transporte das persoas con mobilidade reducida do municipio. Este vehículo facilitará o desprazamento seguro e digno dos beneficiarios a programas de servizos sociais, centros de saúde e actividades de integración, mellorando así a súa calidade de vida.

Para poder acceder a esta subvención para a adquisición de vehículo, este debe de cumprir os requisitos recollidos no Real decreto 1554/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización de modos de transporte para persoas con discapacidade.

Así mesmo, para poder acceder á axuda o vehículo será de emisións cero, tipo eco ou etiqueta C verde, clasificados como tales pola Dirección Xeral de Tráfico de acordo co disposto na Orde

PCI/810/2018, do 27 de xullo, pola que se modifican os anexos II, XI y XVIII do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

**VIII.** A concesión dunha subvención a través deste convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de Igualdade e inclusión social, medida/investimento I1: Plan de apoios e cuidados de larga duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de cuidados de larga duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan. Encádrase no proxecto “Renovación o construción de centros residenciais, no residenciais y de día para adaptar plazas al nuevo modelo de cuidados de larga duración, - Subproyecto del Objetivo 323 de la Comunidad Autónoma de Galicia”.

Este convenio contribúe á consecución dos obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, no marco do proxecto número 4 denominado “Modernización da flota de vehículos dos centros de titularidade de entidades de iniciativa social e das entidades locais de Galicia” incluído no proxecto indicado no parágrafo anterior.

A imposibilidade de promover a concorrencia pública, ven derivada do propio cumprimento dos fitos e obrigas esixibles dentro o compoñente 22. A ausencia dunha liña de subvencións de concorrencia competitiva para o exercicio 2025 pola excepcionalidade das actuacións subvencionadas e os prazos de execución previstos para o cumprimentos dos fitos, fai do convenio de colaboración o instrumento idóneo para o seu financiamento, tendo en consideración que se trata favorecer e apoiar ás persoas con discapacidade atendendo á necesidade de poder dispoñer dun vehículo adaptado para o acceso ao carácter especializado das actividades concretas que se realizan no centro e a imposibilidade de ser atendidas por outros medios no ámbito territorial referenciado.

Neste marco resultan de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da Covid-19 e o dito Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Así mesmo, resulta de aplicación a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á

reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; e o Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

**IX.** A xustificación da adquisición vén motivada pola ausencia de transporte adaptado para facilitar os desprazamento das persoas con mobilidade reducida, tendo en consideración que se trata dun concello moi pequeno, con grande dispersión xeográfica e cunhas dificultades especiais de acceso ao transporte público, e sinalando que máis do corenta por cento da poboación son maiores de 60 anos e con necesidades de transporte habitual.

**X.** Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que o Concello de Trazo ten unhas características xeográficas e poboacionais singulares, así como unha porcentaxe moi elevada de persoas maiores, dependentes ou con discapacidade usuarias dos servizos sociais do concello e do centro de saúde que precisan un transporte específico adaptado, cun acceso moi limitado a un transporte público específico, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento dos gastos derivados da adquisición polo Concello de Trazo dun vehículo que facilite a prestación de servizos destinados a persoas

maiores, a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade, baixo o réxime establecido nas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. *Obxecto***

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade co Concello de Trazo a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da adquisición dun vehículo adaptado que facilite a prestación de servizos destinados a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade residentes no antedito concello.

### **SEGUNDA. *Actuacións subvencionables***

1. Considéranse actuacións subvencionables a adquisición dun vehículo que facilite a prestación de servizos destinados a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade, que reúna as seguintes condicións:

a) O vehículo deberá estar clasificado de emisións cero, de tipo eco ou etiqueta C verde pola Dirección Xeral de Tráfico de acordo co disposto na Orde PCI/810/2018, do 27 de xullo, pola que se modifican os anexos II, XI y XVIII do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. En todo caso os valores de emisión deberán ser iguais ou inferiores a 125 g CO<sub>2</sub>/km.

b) O vehículo debe estar adaptado para o seu uso por persoas con mobilidade reducida, de ser o caso. Para estes efectos, os vehículos deberán reunir as condicións previstas no Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan os requisitos básicos de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.

c) A adquisición do vehículo deberá de realizarse dentro do período subvencionable que será o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 1 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos.

2. Só se considera subvencionable a adquisición de vehículo novo.

3. Non serán subvencionables os gastos derivados de ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, excepto o imposto sobre o valor engadido non recuperable.

### **TERCEIRA. *Orzamento***

As actuacións subvencionables financiaranse integramente pola Unión Europea a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia mediante o instrumento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, aprobado polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio ten previsto realizar o Concello de Trazo é de 56.737,06 €.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará un total de cincuenta mil euros (50.000 €), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.760.2 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o exercicio 2025.

#### **CUARTA. *Obrigas da entidade***

1. Ademais das obrigas recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, o concello beneficiario desta axuda está obrigado a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polo concello beneficiario e, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da documentación soporte. O soporte da documentación realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea, mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro.

f) Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, os perceptores de fondos da Unión deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia polo que farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. En particular, estarán obrigadas a:

1º. Incorporar nun lugar visible do vehículo unha referencia expresa a que a adquisición foi financiada pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade). Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

2º. Destacar, nas actividades que realice, nos materiais que reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do proxecto, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, de conformidade co establecido no *"Manual de imagen Institucional de la Administración General del Estado"* e a *"Guía para a edición e publicación de páxinas web na Administración Xeral do Estado"*.

3º. Incluír a mención da orixe deste financiamento mediante o emblema da Unión e a declaración <<financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU>>, tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan

de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderrecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón:

<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACION%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

g) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

h) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude (<<bandeirinhas vermellas>>) e asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude, a corrupción e previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

i) Respetar o principio de <<non causar un prexuízo significativo>> na execución das actuacións subvencionadas nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2020/2088.

j) Contribuír ao correcto funcionamento da Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas, cumprindo adecuadamente coas obrigacións de subministración de información a esta de conformidade co Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

l) Conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do devandito

pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60 000 euros

2. Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

#### **QUINTA. Documentación previa**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA. Compatibilidade con outras axudas**

1. O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No caso de percibir outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións.

3. A suma de todas as axudas, ingresos ou recursos destinados ao mesmo fin, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo total da actuación obxecto da axuda.

### **SÉTIMA. Gastos subvencionables**

1. Son gastos subvencionables os derivados da adquisición do vehículo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 1 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos, tendo en conta a data límite para a súa xustificación.
2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para súa xustificación, consonte o establecido no parágrafo seguinte.
3. A data límite para presentar a documentación xustificativa da adquisición do vehículo será do 15 de decembro do 2025.

### **OITAVA. Forma de pagamento**

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:
  - a) Efectuarase un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
  - b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematada e xustificada a adquisición do vehículo aportando a documentación indicada na cláusula novena.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, no seu caso

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, o Concello de Trazo queda exonerado de constituir as garantías previstas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, segundo o seu artigo 65.4.c).

### **NOVENA. Xustificación da subvención**

1. Para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considerarase gasto realizado cando fose contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

Así pois, para ter dereito ao pagamento da axuda deberá achegarse a documentación xustificativa antes do 15 de decembro de 2025 e a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

2. A documentación xustificativa que deberá presentar o concello beneficiario será a seguinte:

a) Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade para a que foi concedida a axuda

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas.

c) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se fará constar, como mínimo de forma detallada, o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións subvencionadas coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga pola órgano competente.

d) Certificado da persoa secretaria do concello de que a contratación do vehículo se realizou conforme á normativa de contratación do sector público.

e) Relación e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pago, relativos ao investimento elixible realizado e que respondan ao orzamento presentado.

f) Acreditación documental, material ou gráfico (fotografías, copias, capturas de pantallas) do cumprimento do deber de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

3. Tendo en consideración que o importe do gasto subvencionable supera as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, deberán remitir copia do expediente de contratación, de ser o caso, e como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, agás que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de

entidades que as realicen, presten ou subministren, ou que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4. Se a xustificación fose inferior ao investimento previsto, sempre que se manteña o cumprimento da finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado. No caso de que non se xustifique a subvención en prazo, ou de que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, quedaría revogada na súa totalidade.

5. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días hábiles, advertíndolle que, de non facelo, producirase, logo de resolución, a perda do dereito á subvención concedida e deberá reintegrar a percibida e os xuros de demora, no caso de terse realizado o pagamento anticipado da axuda.

#### **DÉCIMA. Vixencia**

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, a actuación subvencionada a través do presente convenio que realizase o Concello de Trazo dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderá ser subvencionada ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Incumprimentos, reintegros e sancións**

1. Ao concello de Trazo seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e o previsto polas disposicións nacionais e comunitarias en relación co Mecanismo de recuperación e resiliencia e normativa de desenvolvemento.

2. Producirase a perda do dereito ao pagamento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento da actuación, das condicións impostas neste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

3. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

a) Obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprir totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamentou a concesión da subvención. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. En calquera caso, a beneficiaria deberá xustificar unha porcentaxe mínima do 50 % do importe concedido; de non acadarse ese mínimo, enténdese que non se lograron os obxectivos propostos, e polo tanto, determinarase a perda do dereito ao cobramento da axuda concedida.

c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en concreto a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e os órganos de control da Comisión Europea, non achegar tanta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e non permitir as verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, ou, se é o caso, ás actuacións de control previstas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

4. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

5. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de pagamento da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o número anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82 2080 0300 87 3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Identificación do perceptor final pola consellería concedente.**

Para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, a Consellería de Política Social e Igualdade recadará os seguintes datos identificativos do Concello de Trazo:

a) NIF do beneficiario.

b) Razón social da persoa xurídica.

c) Domicilio fiscal da persoa xurídica beneficiaria.

d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)

e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)

### **DÉCIMO TERCEIRA. *Compromiso de non causar dano significativo ao ambiente***

1. A entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio deberá garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

2. En todo caso a entidade beneficiaria preverá mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e medidas correctoras para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

## **DÉCIMO CUARTA. Comisión de seguimiento e control**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada unha das partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no proxecto a subvencionar a través do presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da concello de Trazo designadas por cada unha das persoas que representen ás partes asinantes, así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social e Igualdade, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as persoas integrantes da comisión serán suplidas por quen designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## **DÉCIMO QUINTA. Comprobación, inspección e control**

1. A Consellería de Política Social e Igualdade poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas neste convenio.

2. Sen prexuízo do indicado no número anterior, a consellería poderá realizar, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das subvencións. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados neste convenio. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentaralla ao órgano competente da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade xunto co informe de verificación.

O concello beneficiario queda obrigado a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

3. Ademais do anterior, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión dos Fondos de Recuperación y Resiliencia, e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e a Oficina Europea de Loita contra a Fraude.

### **DÉCIMO SEXTA. Medidas antifraude**

1. A detección de feitos que poidan ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 20 21, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

2. Ambas partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que serán de aplicación a este convenio. A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Consellería de Política Social e Igualdade esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñibles en: <https://transparencia.xunta.gal/es/integridade-institucional/plans-antifraude>

A este respecto, a entidade local beneficiaria actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dispoñible no enlace:

<https://sede.concellodetrazo.es/>

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

3. Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a Disposición adicional 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

“ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDEMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR”

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a concesión da subvención poderá solicitar aos solicitantes da axuda a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través da aplicación de análise de risco de conflito de interese MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano que concede no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través da aplicación MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano competente para a concesión da subvención”.

### **DÉCIMO SÉTIMA. Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

### **DÉCIMO OITAVA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro e pola restante normativa reguladora dos fondos NextGenerationEU.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

Todas as cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa

específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e  
Igualdade

A alcaldesa do Concello de Trazo

Fabiola García Martínez

Josefina Suárez López